



Ola familias! Espero que esteades todos ben! Esta semana vos propoño unha serie de actividades e recursos web, que podedes traballar desde calquera móbil, tablet ou ordenador:

-Para traballar as matemáticas vos propoño traballar na web **penyagolosaeduca.com**, como xa sabedes estamos traballando con metodoloxía ABN, nesta páxina tedes numerosas actividades e xogos para traballar con eles, noutro documento vos deixo un tutorial sobre como acceder a estas actividades. Tamén podedes descargar a aplicación **“Rincón de Luca Matemáticas ABN”**.

- Ademáis na páxina web do centro no apartado “DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN COVID-19” dispoñedes de varios enlaces con contos e actividades para facer online para favorecer a conciencia fonolóxica, discriminación auditiva e comprensión de textos (pinchando enriba do círculo amarelo, “actividades de reforzo de P.T e A.L”.

-Vos envío tamén uns quebracabezas de animais e dous modelos de follas pautadas por se queredes traballar a escritura. No modelo das casiñas traballaremos coa seguinte indicación: “as maiúsculas e algunhas letras suben ó tellado e outras letras quedan na casa, aínda que algunhas baixan ó garaxe”, tamén lles podedes debuxar vós a casiña nunha folla pautada calquera.

- Vos adxunto tamén unha actividade para descompoñer números e un exemplo desta mesma e algunha actividade de repaso de matemáticas.

Un saúdo e ánimo, xa queda menos!